

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

7534 *ORDE PRE/1253/2005, do 4 de maio, pola que se inclúen as substancias activas acetamiprid, tiacloprid, imazosulfuron, laminarina, metoxifenocida, s-metolacloro, ampelomyces quisqualis e gliocladium catenulatum no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios e se modifica o dito anexo. («BOE» 111, do 10-5-2005.)*

A Directiva 91/414/CEE, do Consello, do 15 de xullo, sobre comercialización de produtos fitosanitarios, inclúe no seu anexo I as substancias activas que foron autorizadas para a súa incorporación nos produtos fitosanitarios. A devandita directiva incorpórase ao ordenamento xurídico español en virtude do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios. Por outra parte, na Orde do 14 de abril de 1999, establécese o anexo I do dito Real decreto 2163/1994, baixo a denominación «Lista Comunitaria de substancias activas», que se define no punto 16 do artigo 2 da dita norma, como a lista das substancias activas de produtos fitosanitarios aceptadas pola Comisión Europea e cuxa incorporación se fará pública mediante disposicións nacionais, como consecuencia doutras comunitarias.

A Directiva 91/414/CEE foi modificada por sucesivas directivas, as últimas das cales se citan a continuación.

A Directiva 2004/99/CE da Comisión, do 1 de outubro, pola que se inclúen as substancias activas acetamiprid e tiacloprid, a Directiva 2005/3/CE da Comisión, do 19 de xaneiro, pola que se inclúen as substancias activas imazosulfurón, laminarina, metoxifenocida e s-metolacloro, a Directiva 2005/2/CE da Comisión, do 19 de xaneiro, pola que se inclúen as substancias activas Ampelomyces quisqualis e Gliocladium catenulatum.

A disposición citada establece as condicións para que a comercialización de produtos fitosanitarios que conteñan as referidas substancias activas non teña efectos nocivos para a saúde humana ou a saúde animal nin para as augas subterráneas, nin teñan repercusións inaceptables para o ambiente, así como para que se revisen as autorizacións existentes de produtos fitosanitarios que conteñan algunha das substancias activas que se inclúen no anexo I da Directiva 91/414/CEE, modificándoas ou retirándoas, de conformidade co establecido para o efecto na dita directiva. En consecuencia, procede establecer as disposicións correspondentes en aplicación do Real decreto 2163/1994, tendo en conta, en canto ao cumprimento do seu artigo 29, relativo á documentación que debe acompañar a solicitude dun produto fitosanitario para a súa autorización, que as disposicións a que fai referencia o punto 3 do seu artigo 14, son as ordes ministeriais do 20 de setembro de 1994, 20 de novembro de 1995, 2 de abril de 1997, 14 de abril de 1999, 20 de xuño de 2001, e 25 de marzo de 2002, polas que se modifican os anexos II e III da Orde ministerial do 4 de agosto de 1993.

A Directiva 2004/65/CE da Comisión, do 26 de abril, que modifica o artigo 3 da Directiva 2003/68/CE, do 11 de xullo, pola que se inclúen as substancias activas trifloxistrobina, carfentrazona-etilo, mesotriona, fenamidona e isoxaflutol, a Directiva 2004/63/CE da Comisión, do 26 de abril, que modifica o artigo 3 da Directiva 2003/79/CE, do 13 de agosto, pola que se inclúe a substancia activa Coniothyrium minitans, a Directiva 2004/64/CE da Comisión, do 26 de abril, que modifica o artigo 3 da Directiva 2003/84/CE, do 25 de setembro, pola que se inclúen as

substancias activas flurtamona, flufenacet, iodosulfuron, dimetenamida-p, picoxistrobina, fostiazato e siltiofam e, por último, a Directiva 2004/97/CE da Comisión, do 27 de setembro, que modifica o artigo 3 da Directiva 2004/60/CE, do 27 de setembro, pola que se inclúe a substancia activa quinoxifeno no anexo I da Directiva 91/414/CEE, no relativo aos prazos de aplicación para a revisión das autorizacións de produtos fitosanitarios que conteñan as ditas substancias activas.

As directivas 2003/68/CE, 2003/79/CE, 2003/84/CE e 2004/60/CE foron incorporadas ao anexo I do Real decreto 2163/1994, pola Orde PRE/1393/2004, do 20 de maio, pola que se inclúen as substancias activas trifloxistrobin, carfentrazona-etilo, mesotrione, fenamidona, isoxaflutol, mecoprop, mecoprop-p, propiconazol, coniothyrium minitans, molinato, tiram, ziram, flurtamona, flufenacet, iodosulfuron, dimetenamida-p, picoxistrobin, fostiazato, siltiofam, paraquat, mesosulfuron, propoxicarbazona e zoxamida no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, e a Orde PRE/3929/2004, do 30 de novembro, pola que se inclúen as substancias activas clorprofam, ácido benzoico, flazasulfuron, piraclostrobin, alfa-cipermetrina, benalxil, bromoxinil, desmedifan, ioxinil, fenmedifan, quinoxifeno, mepanipirim e Pseudomonas chlororaphis.

Esta orde, que se cita ao abeiro da habilitación contida na disposición derradeira primeira do Real decreto 2163/1994, do 4 de marzo, incorpora ao ordenamento xurídico interno as directivas 2004/99/CE, 2005/3/CE e 2005/2/CE mediante a inclusión das substancias activas acetamiprid, tiacloprid, imazosulfurón, laminarina, metoxifenocida, s-metolacloro, Ampelomyces quisqualis e Gliocladium catenulatum no anexo I do dito real decreto, e as directivas 2004/65/CE, 2004/63/CE, 2004/64/CE e 2004/97/CE, mediante a modificación do citado anexo I.

A Comisión Interministerial para a Ordenación Alimentaria emitiu informe preceptivo sobre esta disposición. Así mesmo, na súa tramitación foron consultadas as comunidades autónomas e os sectores afectados.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Ambiente, dispoño:

Artigo 1. *Inclusión de substancias activas no anexo I do Real decreto 2163/1994.*

1. As substancias activas acetamiprid, tiacloprid, imazosulfurón, laminarina, metoxifenocida, s-metolacloro, Ampelomyces quisqualis e Gliocladium catenulatum inclúense no anexo I do Real decreto 2163/1994, do 4 de novembro, polo que se implanta o sistema harmonizado comunitario de autorización para comercializar e utilizar produtos fitosanitarios, coas características e condicións que para cada unha delas se especifican no anexo desta orde.

2. Co fin de verificar que se cumpren as condicións de inclusión establecidas no anexo I desta orde, as autorizacións provisionais dos produtos fitosanitarios que conteñan as substancias activas afectadas, concedidas con anterioridade ao inicio do seu prazo de inclusión, serán revisadas adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo establecido no dito anexo I.

3. A verificación do cumprimento dos requisitos de documentación especificados no punto 1.a do artigo 29 do Real decreto 2163/1994, contidos no anexo III da Orde do 4 de agosto de 1993, e a avaliación conforme os principios uniformes contidos no anexo VI da Directiva 91/414/CEE, incorporada ao noso ordenamento xurídico pola Orde do 29 de novembro de 1995, pola que se establecen os principios uniformes para a avaliación e autorización de produtos fitosanitarios, deberanse realizar adoptando e aplicando as correspondentes resolucións antes de que expire o respectivo prazo para a aplicación dos ditos principios uniformes, que para cada unha das

referidas substancias activas se indican no anexo I desta orde, tendo en conta ademais as conclusións da versión final do correspondente informe de revisión da Comisión Europea, aprobado no Comité Permanente da Cadea Alimentaria e Sanidade Animal.

4. No Rexistro Oficial de Produtos e Material Fitosanitario da Dirección Xeral de Agricultura do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación quedarán á disposición dos interesados os informes de revisión da Comisión Europea a que se refire o punto anterior, así como os da Comisión de Avaliación previstos no artigo 3 do Real decreto 2163/1994. Todo iso con excepción da información confidencial definida no artigo 32 do dito real decreto.

Artigo 2. Modificación dos anexos do anexo I do Real decreto 2163/1994.

Os prazos de aplicación por inclusión das substancias activas trifloxistrobin, carfentrazona-etil, mesotrione, fenamidona, isoxaflutol, cioniothyrium minitans, flurtamona, flufenacet, iodossulfuron, dimetenamida-p, picoxistrobin, fostiazato, siltiofan e quinoxifen substitúense polos contidos no anexo II desta orde.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.13.^a, 16.^a e 23.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, bases e coordinación xeral da sanidade, e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Esta disposición entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 4 de maio de 2005.

FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

Sras. Ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Medio Ambiente.

ANEXO I (*)

92. Condicións da inclusión da substancia activa acetamiprid.

Características:

Nome común: Acetamiprid

N.º CAS: 160430-64-8.

N.º CIPAC: Non dispoñible.

Nome químico (IUPAC): (E)-N1-[(6-cloro-3-piridil)metil]-N2-ciano-N1-metilacetamidina.

Pureza mínima da substancia: 990 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 29 de xuño de 2004, deberase atender especialmente:

Á exposición dos traballadores.

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2014.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2005.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2004, todo produto fitosanitario autorizado que conteña acetamiprid como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña acetamiprid como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2006, ou

b) No caso dun produto que conteña acetamiprid, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2006, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o acetamiprid unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

93. Condicións da inclusión da substancia activa tiacloprid.

Características:

Nome común: Tiacloprid.

N.º CAS: 111988-49-9.

N.º CIPAC: 631.

Nome químico (IUPAC): (Z)-N-{3-[(6-cloro-3-piridinil)metil]-1,3-tiazolan-2-iliden}cianamida.

Pureza mínima da substancia: 975 g/kg de produto técnico.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 29 de xuño de 2004, deberase atender especialmente:

Á protección dos artrópodos aos cales non estea destinada a substancia activa

Á protección dos organismos acuáticos, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Á posibilidade de contaminación das augas subterráneas cando a substancia activa se aplique en rexións de características climáticas ou edáficas vulnerables.

Prazo da inclusión: do 1 de xaneiro de 2005 ao 31 de decembro de 2014.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2005

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2004, todo produto fitosanitario autorizado que conteña tiacloprid como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña tiacloprid como única substancia activa, modificar ou retirar a autoriza-

(*) A numeración das epígrafes corresponde á codificación efectuada pola Directiva 2000/80/CE.

ción, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2006, ou

b) No caso dun produto que conteña tiacloprid, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2006, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o tiacloprid unha substancia activa antiga, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

95. Condicións da inclusión da substancia activa imazosulfurón.

Características:

Nome común: Imazosulfurón

N.º CAS: 122548-33-8

N.º CIPAC: 590

Nome químico (IUPAC): 1-(2-cloroimidazo[1,2-]piridin-3-ilsulfonil)-3-(4,6-dimetoxipirimidin-e-il)urea.

Pureza mínima da substancia activa: 980 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 8 de outubro de 2004, deberase atender especialmente:

Á protección das plantas acuáticas e terrestres non obxecto do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2005 ao 31 de marzo de 2015.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 30 de setembro de 2005.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de marzo de 2005, todo produto fitosanitario autorizado que conteña imazosulfurón como única substancia activa ou como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña imazosulfurón como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou

b) No caso dun produto que conteña imazosulfurón, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou no prazo que estableza a orde respectiva pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o imazosulfurón unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

96. Condicións da inclusión da substancia activa laminarina.

Características:

Nome común: Laminarina.

N.º CAS: 9008-22-4

N.º CIPAC: 671

Nome químico (IUPAC): (1?3)—D-glucano.

Pureza mínima da substancia activa: 860 g/kg.

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como indutor de mecanismos de autodefensa dos cultivos.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, deberase atender ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 8 de outubro de 2004.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2005 ao 31 de marzo de 2015.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 30 de setembro de 2005.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de marzo de 2005, todo produto fitosanitario autorizado que conteña laminarina como única substancia activa ou como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

c) No caso dun produto que conteña laminarina como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou

d) No caso dun produto que conteña laminarina, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou no prazo que estableza a orde respectiva pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o laminarina unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

97. Condicións da inclusión da substancia activa metoxifenocida.

Características:

Nome común: Metoxifenocida.

N.º CAS: 161050-58-4

N.º CIPAC: 656

Nome químico (IUPAC): N-tert-Butil-N'-(3-metoxi-ou-toluoil)-3,5-xilohidrazida.

Pureza mínima da substancia activa: 970 g/kg

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como insecticida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 8 de outubro de 2004, deberase atender especialmente:

Á protección dos artrópodos terrestres e acuáticos non obxecto do tratamento, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2005 ao 31 de marzo de 2015.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 30 de setembro de 2005.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de marzo de 2005, todo produto fitosanitario autorizado que conteña metoxifenocida como única substancia activa ou como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

e) No caso dun produto que conteña metoxifenocida como única substancia activa, modificar ou retirar a auto-

rización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou

f) No caso dun produto que conteña metoxifenocida, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou no prazo que estableza a orde respectiva pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o metoxifenocida unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

98. Condicións da inclusión da substancia activa s-metolacloro

Características:

Nome común: S-metolacloro.

N.º CAS: 87392-12-9 (S-isómero).

178961-20-1 (R-isómero).

N.º CIPAC: 607

Nome químico (IUPAC): Mistura de (aRS, 1 S)-2-cloro-N-(6-etil-ou-tolil)-N-(2-metoxi-1-metiletil)acetamida (80-100%) e (aRS, 1 R)-2-cloro-N-(6-etil-ou-tolil)-N-(2-metoxi-1-metiletil)acetamida (20-0%).

Pureza mínima da substancia activa: 960 g/kg

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como herbicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atendendo ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 8 de outubro de 2004, deberase atender especialmente:

Ao risco de contaminación das augas subterráneas, particularmente da substancia activa e os seus metabolitos CGA51202 e CGA354743, cando se aplique a substancia activa en zonas con solo e/ou condicións climáticas vulnerables.

Á protección de plantas acuáticas, e incluír como condición nas correspondentes autorizacións, cando corresponda, medidas de redución de risco.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2005 ao 31 de marzo de 2015.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 30 de setembro de 2005.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de marzo de 2005, todo produto fitosanitario autorizado que conteña s-metolacloro como única substancia activa ou como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

g) No caso dun produto que conteña s-metolacloro como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou

h) No caso dun produto que conteña s-metolacloro, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou no prazo que estableza a orde respectiva pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o s-metolacloro unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

94. Condicións da inclusión da substancia activa *Ampelomyces quisqualis*.

Características:

Nome común: *Ampelomyces quisqualis*

CEPA: AQ 10

Colección de cultivos n.º CNCM I-807

N.º CIPAC: aínda non dispoñible

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 8 de outubro de 2004.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2005 ao 31 de marzo de 2015.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 30 de setembro de 2005.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de marzo de 2005, todo produto fitosanitario autorizado que conteña *Ampelomyces quisqualis* como única substancia activa ou como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

i) No caso dun produto que conteña *Ampelomyces quisqualis* como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou

j) No caso dun produto que conteña *Ampelomyces quisqualis*, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou no prazo que estableza a orde respectiva pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o *Ampelomyces quisqualis* unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

99. Condicións da inclusión da substancia activa *Gliocadium catenulatum*.

Características:

Nome común: *Gliocadium catenulatum*

CEPA: J1446

Colección de cultivos n.º DSM 9212

N.º CIPAC: aínda non dispoñible

Condicións da inclusión:

Usos: só poderá ser utilizado como fungicida.

Na avaliación global, segundo os principios uniformes, atenderase ao informe de revisión da Comisión Europea, aprobado polo Comité permanente da cadea alimentaria e de sanidade animal na súa reunión do 8 de outubro de 2004.

Prazo da inclusión: do 1 de abril de 2005 ao 31 de marzo de 2015.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: 30 de setembro de 2005.

Prazo para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de marzo de 2005, todo produto fitosanitario autorizado que conteña *Gliocadium catenulatum* como única substancia activa ou como unha de varias substancias activas incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

k) No caso dun produto que conteña *Gliocadium catenulatum* como única substancia activa, modificar ou

retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou

l) No caso dun produto que conteña *Gliocadium catenulatum*, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de setembro de 2006, ou no prazo que estableza a orde respectiva pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

Protección de datos: por ser o *Gliocadium catenulatum* unha substancia activa nova, aplicarase o réxime correspondente de protección de datos previsto no artigo 30 do Real decreto 2163/1994.

ANEXO II

59. Condicións da inclusión da substancia activa trifloxistrobina.

Praza para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 30 de setembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña trifloxistrobina como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña trifloxistrobina como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña trifloxistrobina, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

60. Condicións da inclusión da substancia activa carfentrazona-etil.

Praza para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 30 de setembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña carfentrazona-etil como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña carfentrazona-etil como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña carfentrazona-etil, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

61. Condicións da inclusión da substancia activa mesotriona.

Praza para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 30 de setembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña mesotriona como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña mesotriona como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña mesotriona, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

62. Condicións da inclusión da substancia activa fenamidona.

Praza para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 30 de setembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña fenamidona como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña fenamidona como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña fenamidona, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

63. Condicións da inclusión da substancia activa isoxaflutole.

Praza para a aplicación das condicións de inclusión: o 31 de marzo de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 30 de setembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña isoxaflutole como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña isoxaflutole como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña isoxaflutole, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 31 de marzo de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

64. Condicións da inclusión da substancia activa flurtamona.

Praza para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña flurtamona como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña flurtamona como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña flurtamona, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

65. Condicións da inclusión da substancia activa flufenacet.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña flufenacet como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña flufenacet como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña flufenacet, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

66. Condicións da inclusión da substancia activa iodosulfuron.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña iodosulfuron como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña iodosulfuron como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña iodosulfuron, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

67. Condicións da inclusión da substancia activa dimetenamida-p.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña dimetenamida-p como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña dimetenamida-p como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña dimetenamida-p, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se

inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

68. Condicións da inclusión da substancia activa picoxistrobin.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña picoxistrobin como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña picoxistrobin como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña picoxistrobin, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

69. Condicións da inclusión da substancia activa fostiazate.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña fostiazate como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña fostiazate como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña fostiazate, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

70. Condicións da inclusión da substancia activa siltiofam.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña siltiofam como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña siltiofam como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña siltiofam, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

71. Condicións da inclusión da substancia activa Coniothyrium minitans.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 30 de xuño de 2004.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de decembro de 2003, todo produto fitosanitario autorizado que conteña Coniothyrium minitans como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña Coniothyrium minitans como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou

b) No caso dun produto que conteña Coniothyrium minitans, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 30 de xuño de 2005, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

83. Condicións da inclusión da substancia activa quinoxifeno.

Prazo para a aplicación das condicións de inclusión: o 28 de febreiro de 2005.

Prazos para a aplicación dos principios uniformes: como máis tarde o 31 de agosto de 2004, todo produto fitosanitario autorizado que conteña quinoxifeno como única substancia activa ou con outras xa incluídas no anexo I do Real decreto 2163/1994, será obxecto dunha nova avaliación, de acordo cos principios uniformes, do que se determinará:

a) No caso dun produto que conteña quinoxifeno como única substancia activa, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 28 de febreiro de 2006, ou

b) No caso dun produto que conteña quinoxifeno, entre outras substancias activas, modificar ou retirar a autorización, se procede, como máis tarde o 28 de febreiro de 2006, ou no prazo que estableza a orde pola que se inclúsen as substancias en cuestión no anexo I do citado real decreto.

7535 *CORRECCIÓN de erros do Real decreto 425/2005, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos para a instalación, verificación, control e inspección de tacógrafos dixitais. («BOE» 111, do 10-5-2005.)*

Advertido erro no Real decreto 425/2005, do 15 de abril, polo que se establecen os requisitos técnicos e as normas de actuación que deben cumprir os centros técnicos para a instalación, verificación, control e inspección de tacógrafos dixitais, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 5, do 2 de maio de 2005, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 654, segunda columna, no anexo I, no punto 1.A, onde di:

«A.15 O titular do centro técnico deberá subscribir pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por unha entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade, respecto a danos materiais e persoais a terceiros, por unha contía mínima de 60.000 euros, sen que a contía da póliza limite a dita responsabilidade. A devandita contía quedará anualmente actualizada en función do índice

de prezos de consumo da comunidade autónoma onde presten o servizo.»,

debe dicir:

«A.15 O titular do centro técnico deberá subscribir pólizas de responsabilidade civil, avais ou outras garantías financeiras outorgadas por unha entidade debidamente autorizada, que cubran os riscos da súa responsabilidade, respecto a danos materiais e persoais a terceiros, por unha contía mínima de 60.000 euros, sen que a contía da póliza limite a dita responsabilidade. A devandita contía actualizarase no mes de marzo de cada ano para recoller a variación anual do índice de prezos de consumo medio do ano anterior, calculado como a variación anual da media dos datos publicados polo Instituto Nacional de Estadística no ano natural anterior do índice de prezos de consumo (grupo xeral para o conxunto xeral) sobre a mesma media do ano precedente.».

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

7611 *ORDE APA/1281/2005, do 28 de abril, pola que se actualiza o anexo V, clasificación das variedades de vide, do Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola. («BOE» 112, do 11-5-2005.)*

O Regulamento (CE) 1493/1999 do 17 de maio, do Consello, polo que se establece a Organización Común do Mercado Vitivinícola, dispón, no seu artigo 19, que os Estados membros clasificarán as variedades de vide destinadas á produción de viño.

O Regulamento (CE) 1227/2000 do 31 de maio, da Comisión, polo que se fixan as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) 1493/1999, no relativo ao potencial de produción, no seu artigo 20, especifica que xunto ao nome dunha variedade se engadirán sinónimos, se os houber, e a cor da uva, así como que os nomes e sinónimos das variedades clasificadas se axustarán aos previstos na Oficina Internacional da Viña e o Viño (OIV), a Unión para a Protección das Obtencións Vexetais (UPOV), e o Consello Internacional de Recursos Fitoxenéticos (CIRF).

O Real decreto 1472/2000, do 4 de agosto, polo que se regula o potencial de produción vitícola, establece nos seus artigos 27 e 28 definicións e categorías de clasificación relativas ás variedades de vide e recolle no seu anexo V, tras a modificación operada polo Real decreto 373/2003, do 28 de marzo, de medidas urxentes no sector vitivinícola, a clasificación das referidas variedades.

As comunidades autónomas, en virtude da competencia que lles atribúe o artigo 31 do citado Real decreto 1472/2000, efectuaron clasificacións de variedades de vide, no ámbito dos seus respectivos territorios, de acordo coas necesidades da súa viticultura.

Resulta necesario, por tanto, modificar o anexo V do Real decreto 1472/2000, recollendo as variacións sufridas nel como consecuencia das actuacións descritas no parágrafo anterior.

As variedades que se recollen nesta orde axústanse ao disposto na Orde APA/748/2002, do 21 de marzo, pola que se dispón a inscrición de variedades e portaenxertos de vide na lista de variedades comerciais de plantas.

A disposición derradeira primeira do Real decreto 1472/2000 habilita o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para modificar os seus anexos, oído o Conse-